



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

### LISTA DE ASISTENTES

Allegue Agucte, Pilar  
Barreiro Blas, Antonio  
Bravo Bernárdez, Jorge  
Fernández Fernández, Federico A.  
Gil Villanueva, José M<sup>a</sup>  
González Crespán, Araceli  
González Pillado, Esther M<sup>a</sup>  
Montero Muñoz, María

### DESCULPA ASISTENCIA

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 06 de maio de dous mil oito ás 09:00 horas en primeira convocatoria e ás 09:30 horas en segunda.

O **martes**, día **06 de maio de 2008**, ás **9:30 horas**, na Sala de Xuntas Reitoría, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 23 de abril de 2008.
2. Sorteio público da letra para a asignación dos membros das mesas electorais titulares e suplentes.
3. Aprobación, se procede, da proclamación definitiva de candidaturas nas eleccións a membros do Claustro polo sector de estudantes.
4. Aprobación, se procede, da proclamación definitiva de candidaturas nas eleccións a membros dos Consellos de Departamento polo sector de estudantes.
5. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 23 de abril de 2008.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Sorteio público da letra para a asignación dos membros das mesas electorais titulares e suplentes.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que de acordo co artigo 23 do Regulamento para a elección de membros do Claustro Universitario, é necesario proceder ao sorteo dunha letra para poder constituír as mesas electorais.

A letra que sae no sorteo é a Y.

**Punto 3.** Aprobación, se procede, da proclamación definitiva de candidaturas nas eleccións a membros do Claustro polo sector de estudantes.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se presentaron catro reclamacións e a proposta que se fai é que sexan aceptadas:

Na Facultade de Ciencias de Ourense:

- Patricia Muñoz Carral

Na Facultade de Ciencias Empresariais e Turimos:

- Carmen Julia Vergara Alfonso.

Na ETS de Enxeñaría Informática:

- Sadoth Gómez Fernández.

Todo eles aportaron o DNI.

Na ETS de Enxeñeiros Industriais:

- Héctor Rodríguez Hernández,

Presentou renuncia a súa candidatura.

Apróbase por asentimento.

**Punto 4.** Aprobación, se procede, da proclamación definitiva de candidaturas nas eleccións a membros dos Consellos de Departamento polo sector de estudantes.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que houbo catro reclamacións presentadas e a proposta que se fai é que sexan aceptadas:

No Departamento de Química Orgánica admítense as candidaturas de alumnos que non figuraban no censo:

- Noelia Fontán Filgueira.
- José García Rodríguez.
- M<sup>a</sup> Inmaculada Rodríguez Lahoz.

No seu momento non se recibiu da xunta electoral do centro a aceptación das reclamacións presentadas polos alumnos excluídos no prazo de reclamacións ao censo. O 25 de abril na Secretaría Xeral recibíuse copia da acta na que a Xunta Electoral aceptaba as reclamacións.

No Departamento de Didáctica, Organización Escolar e Métodos da Investigación:

- Javier Fernández Quintas, aportou o certificado no que consta que dedica 15 horas semanais á realización da tese de licenciatura.

No Departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos:

- Francisco José Uhía Vizoso foi excluído por un erro.

No Departamento de Dereito Público:

- Virxilio Rodríguez Vázquez, renuncia a súa candidatura.

Apróbase por asentimento.

**Punto 5.** Rogos e preguntas.

En contestación á pregunta feita polo Sr. Fernández na última reunión da Comisión Electoral, a secretaria xeral sinala que, ao día seguinte das eleccións, ás mesas se lles concederá licenza de acordo co establecido na normativa vixente.



E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 9:35 horas do día 6 de maio de 2008 da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace da presidenta da Comisión Electoral.

A presidenta da Comisión Electoral


María Montero Muñoz

A secretaria da Comisión Electoral

Esther Mª González Pillado